CULLEREDO
CONCELLO
Conservatorio Profesional de Música

# Programación DIDÁCTICA VIOLÍN

## Conservatorio Profesional de Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30 15670 O BURGO-CULLEREDO
Tfno. 981.667798
e-mail: conservatorio@culleredo.es

## **1.** INTRODUCCIÓN COVID 19

Para este curso 2020-2021 esta Programación contemplará o disposto nas INSTRUCIÓNS DO 31 DE XULLO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL PARA O CURSO 2020-2021, que establecen medidas específicas excepcionais derivadas da situación se crise sanitaria producida polo virus COVID-19.

Atendendo o disposto no punto 1 das Instrucións citadas anteriormente durante a primeira semana do curso escolar levarase a cabo unha avaliación inicial. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

*a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.*

*b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.*

*c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.*

De igual xeito, no punto 4 establécense os seguintes criterios para a elaboración das Programacións Didácticas:

*4.1 Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.*

Debemos facer mención a que os Obxectivos formulados na Programación Didáctica na materia de Violín cumpríronse na súa totalidade no curso 2019-20. Cumpre facer unha valoración positiva xa que se impartiron todos os aprendizaxes imprescindibles.

*4.2 Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.*

De igual xeito que no punto anterior os Obxectivos formulados na Programación Didáctica na materia de Violín cumpríronse na súa totalidade no curso 2019-20. Cumpre facer unha valoración positiva da Avaliación inicial sen detectar carencias no alumnado.

*4.3 Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do novo curso escolar.*

Non é necesario facer unha incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do presente curso escolar xa que os Obxectivos formulados na Programación Didáctica na materia de Violín cumpríronse na súa totalidade no curso 2019-20 por parte do alumnado.

*4.4 Constarán as adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir.*

En relación con este apartado debemos facer mención a dous escenarios. Unha situación de semi-presencialidade na que se combinen a normalidade adaptada e a non presencialidade e un escenario no que a actividade lectiva se leve a cabo dun xeito non presencial.

**Obxectivos:** esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos Obxectivos xerais da Materia que figuran na Programación didáctica, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC.

**Contidos:** esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos Contidos xerais da Materia que figuran na Programación didáctica, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC.

**Enfoque metodolóxico:** esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos Enfoques metodolóxicos xerais da Materia que figuran na Programación didáctica, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC.

**Recursos didácticos:** en relación con esta apartado facer mención a que para acadar os Obxectivos, implementar os Contidos e poñer en funcionamento os Procesos metodolóxicos, se recorrerán agora dun xeito moi relevante á utilización das novas Tecnoloxías da Información e Comunicación substituíndo estas parte dos recursos empregados na docencia presencial.

Poderán ser utilizados, si é o caso de forma profusa a dixitalización de partituras para a súa remisión ao alumnado, gravacións de audio e a comunicación co alumnado por medio da utilización das aplicacións de mensaxería instantánea ou vídeo chamadas a través de distintos dispositivos ademais do correo electrónico.

De especial relevancia terán as comunicacións levadas a cabo a través de vídeo conferencia xa que estas substitúen á clase presencial. De igual xeito a remisión de arquivos con contidos musicais en forma de gravacións efectuadas polo propio alumnado. Isto permite implementar un procedemento que suple a ausencia de presencialidade entre intérpretes.

**Criterios de avaliación e mínimos exixibles:** esta modalidade non suporá cambios significativos en canto aos criterios de avaliación xerais da Materia que figuran na súa Programación didáctica nin dos mínimos exixibles.

**Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe:** en canto aos Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe, manteranse os principios básicos contemplados na Programación didáctica da materia, pero no caso de ter que implementar esta modalidade non presencial, veranse modulados polas limitacións dos recursos comunicativos postos en marcha, fundamentalmente vídeo conferencia, que dificultan en ocasións o análise preciso da escoita e observación do alumnado.

A avaliación no mes de setembro: no caso de que a presencialidade no sexa posible, o alumnado interpretará preferiblemente por medio de vídeo conferencia, un programa de obras e estudios indicado polo titor.

O titor será quen actúe como tribunal examinador.

Para levalo a cabo, poderase partir de referencias, indicacións e explicacións do docente que sexan pertinentes en cada caso.

Moi importante será indicar, que ningún dos apartados expostos anteriormente sufrirá cambios significativos, sempre e cando se poida dispoñer dos recursos materiais e dixitais necesarios para o seu correcto desenrolo.

Por outra banda, prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tal e como se viña realizando, e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuizo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

*4.5 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións.*

Como xa se expresou anteriormente en relación cos Obxectivos, nesta modalidade non suporá cambios significativos, sempre que se poidan poñer en marcha os recursos necesarios relacionados coas TIC

En canto á modalidade presencial, levarase a cabo adaptada ás circunstancias de seguridade ditadas polas autoridades sanitarias e educativas e sen cambios significativos en canto a Obxectivos, Contidos e Avaliación con respecto a un curso convencional.

Terase en conta o establecido nas INSTRUCIÓNS DO 31 DE XULLO DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL PARA O CURSO 2020-2021, as INSTRUCIÓNS POLAS QUE SE INCORPORAN A DECLARACIÓN DE ACTUACIÓNS COORDINADAS EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA APROBADAS POLO CONSEJO INTERTERRITORIAL DO SISTEMA NACIONAL DE SALUD PÚBLICA (D.O.G Nº 174 BIS DO 28-08-2020) E A ACTUALIZACIÓN DAS RECOMENDACIÓNS SANITARIAS DO COMITÉ CLÍNICO AO PROTOCOLO DO 22 DE XULLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID

19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021, normativa que vese concretada no PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 PARA O CURSO 20/21 no CMUS Profesional de música de Culleredo, que se elabora seguindo as instrucións da Conselleira de Educación, e que se complementa coa Guía curso 2020-21 Conservatorio Profesional de Música de Culleredo elaborada polo propio Centro

A Programación Oficial do Seminario de Violín é específica de cada curso impartido no Centro, e consta dos seguintes apartados:

- OBXECTIVOS
  - CONTIDOS
  - CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES
  - CRITERIOS DE AVALIACIÓN
  - CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS MÍNIMOS
  - METODOLOXÍA
  - RECURSOS DIDÁCTICOS/BIBLIOGRAFÍA
- PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO, SE É O CASO, PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.
- ACTIVIDADES CULTURAIS E PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO
- PROCEDEMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE, VALORE E REVISE O DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA SÚA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
- PROCEDEMENTO PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO
  - ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
  - CRITERIOS DE RECUPERACIÓN
  - ACTIVIDADES COMÚNS A TODA A PROGRAMACIÓN

## PRIMEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

### OBXECTIVOS

- Trátase de preparar física e psicoloxicamente ao alumno para unha asimilación dos principios técnicos do violín. Esta preparación divídese en: Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco.
- Desenvolver a disposición corporal adecuada.
- Desenvolver a técnica do instrumento, tanto da man dereita como da esquerda.
- Tocar escalas, estudos e pezas en 1ª posición, usando as diversas estruturas do semitón nun rexistro básico dunha oitava.
- Desenvolver criterios de afinación e calidade de son acorde ao seu curso.
- Iniciar a aprendizaxe de diferentes golpes de arco.
- Mostrar boa disposición na clase, así como para tocar en grupo e con acompañamento de piano.
- Tocar en audicións públicas só e en conxunto, pezas de memoria, con bo control, afinación, son e ritmo.
- Adquirir o hábito de estudo diario.

### CONTIDOS

- Coñecemento xeral do instrumento e o arco: as súas partes, características, acústica e o seu mantemento.
- Posición do corpo correcta, cómoda, relaxada, en bo equilibrio, etc
- Posición do instrumento e do arco: control muscular.
- Escoita interna (oído interno) e a súa aplicación na afinación.
- Produción dun son de calidade en cordas ao aire, pisadas e dobres cordas, empregando distintas partes e lonxitudes do arco
- Iniciación a golpes de arco básicos: detaché, legato, staccato e martellé; así como o uso de diferentes patróns rítmicos
- Desenvolvemento do movemento perpendicular, horizontal e lateral dos dedos da man esquerda: escalas e diferentes intervalos.
- Control permanente da afinación.
- Coordinación e independencia de ambos brazos.
- Relación entre escritura musical e a súa execución instrumental. Comprensión de estruturas formais como motivos, frases, etc., así como elementos básicos de dinámica e agóxica.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria con diferentes exercicios, estudos e obras de repertorio.

### CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

- Durante o curso o alumno deberá aprender polo menos: escalas e seis estudos e/ou pezas. Estas obras forman parte da bibliografía recomendada.
- Durante o curso realizarase polo menos unha audición en cada avaliación.
- A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.

- Queda a criterio do profesor o nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumno para superar o curso correspondente.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco: as súas partes e o seu mantemento.
- Acadar unha posición adecuada á súa constitución que lle permita unha correcta colocación do instrumento e que favoreza os movementos e coordinación de ambos brazos conseguindo tocar con comodidade, seguridade e relaxación.
- Asimilar conceptos técnicos, tanto de brazo dereito: suxeición, condución e golpes de arco á corda; como de man esquerda: articulación.
- Tocar coa afinación e fraseo adecuados.
- Combinar adecuadamente as arcadas detaché e legato.
- Interpretar fragmentos ou pezas curtas empregando os conceptos técnicos adquiridos; así como memorizar e interpretar as devanditas pezas en público.
- Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudo adquiridos.

## PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

Avaliación Continua: valoración constante do progreso do alumno durante o curso, así como da súa actitude e asistencia a clases.
Avaliación Puntual: a través de AUDICIÓNS. Durante o curso, realizarase polo menos unha audición en cada avaliación.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS MÍNIMOS

- Valórase a posición corporal na interpretación violinística.
- O grao de afinación.
- A medida e ritmo constante en toda a execución musical.
- O reparto de arco: combinación de peso e velocidade dentro das obras presentadas.

## METODOLOXÍA

O enfoque metodolóxico terá aspectos comúns para todos os cursos, tendo en conta a necesidade de aplicar uns principios de coherencia que veñen determinados nos fundamentos do aprendizaxe constructivista. O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, tendo en conta a significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista que marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

A participación das familias preséntase como un recurso metodolóxico de gran importancia. A súa asistencia á aula na clase de instrumento representa un recurso insubstituíble para a consecución dos obxectivos xa que permite a prolongación da actividade de ensino – aprendizaxe ás sesión de estudo individual nos fogares durante

a semana. Neste mesmo sentido e incluído dentro dos aspectos vinculados á acción titorial, a información sobre a concienciación do traballo constante tanto ás familias como aos alumnos representa un recurso metodolóxico de gran trascendencia para a consecución dos obxectivos plantexados nos estudos musicais.

Así mesmo, tanto nos primeiros cursos como nos mais avanzados o traballo en colaboración alumno – profesor representa outro recurso metodolóxico trascendente xa que supón a posta en práctica do aprendizaxe vicario, especialmente nos aspectos vinculados cos contidos subxectivos do linguaxe da música, interpretación, dicción, expresión, interpretación, agóxica etc. Neste mesmo sentido a participación do alumnado dos cursos máis altos formando dúos cos de cursos iniciais, aporta un recurso de fomento do traballo cooperativo en contraposición co individual e xera elementos motivadores para o alumnado máis novo xa que toma como referencia o exemplo dos máis maiores. Por outra banda, serve para dotar de utilidade os aprendizaxes dos maiores e dotarlles de referencias con respecto ao seu nivel na actualidade e os avances levados a cabo ao longo dos cursos, produto do seu esforzo.

A secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo á avaliación inicial, ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

Por último o traballo en coordinación con outros departamentos aporta a posibilidade de establecer criterios comúns no traballo conxunto, o que permitirá un mais acelerado proceso na consecucións dos obxectivos

RECURSOS DIDÁCTICOS/BIBLIOGRAFÍA

Alard 1er. curso
O Violín, vol. I M. Crickboom
Suzuki Violin School, vol. I , vol. II Suzuki
50 estudos melódicos para violín, op. 22 Curci
The First year Violin Tutor Neil Mackay
The Second Year Violin Tutor Neil Mackay
Método de violín Eta Cohen
Pezas de similar nivel de dificultade

PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO, SE É O CASO, PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.

Segundo o establecido no decreto 198/2007, para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar una proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.

O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais das persoas aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

En canto ó acceso a outros cursos terase que superar una proba na que se avaliarán, ademais das aptitudes e da idade idónea, a capacidade e os coñecementos dos alumnos e das alumnas para continuar os estudos nas especialidades instrumentais para as que se solicite a praza.

Neste sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista que a finalidade do grao elemental deberá ser a de, segundo o establecido no decreto 198/2007 polo que se establecen a ordenación do grao elemental, promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. Polo tanto a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non debera afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo. En todo caso, e segundo establece a disposición adicional quinta do decreto anteriormente citado no seu punto 2º, “a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto”.

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos contidos, a orientación didáctica cara a cumplimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, blibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a disopñibilidade de profesorado o permita, o respaldo das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescriptivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos mais altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

## ACTIVIDADES CULTURAIS E PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Como mínimo se establece un concerto trimestral do departamento, pudendo ampliarse aos que organice cada un dos membros do mesmo coa participación dos seus alumnos. Poderanse engadir alumnado doutras materias das impartidas polos membros do departamento ou doutros docentes. De igual xeito tamén se plantexa a participación dalgún alumno/a destacado que pida afrontar un concerto ou audición en solitario, así como a colaboración dos alumnos de cursos máis avanzados acompañando aos mais novos nos concertos.

PROCEDEMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE, VALORE E REVISE O DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA SÚA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

O departamento encargarase de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvoltos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

PROCEDEMENTO PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Esta levarase a cabo en cada unha das reunións preceptivas, co intercambio de opinións os compoñentes do mesmo. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nos casos nos que o alumno matriculado nun curso posúa calidades para acadar con facilidade os obxectivos propostos, o profesor proporcionaralle material de traballo de maior dificultade áque lle corresponde. Así mesmo, os alumnos con especiais dificultades para acadala consecución dos obxectivos propostos, e sempre a criterio do seu titor, poderán acollerse ós contidos mínimos esixibles así como ós criterios de avaliación referentes ós contidos mínimos e ós criterios de recuperación que se expoñen a continuación.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

No caso de perda da avaliación continua, ou nos casos nos que o profesor o crea conveniente, o alumno deberá interpretar en exame, un mínimo de tres pezas diferentes (entre as que se pode incluír algún estudo), con acompañamento de piano se así o requiren as obras.

## SEGUNDO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

### OBXECTIVOS

Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco.

Desenvolver a disposición corporal adecuada.
Desenvolver a técnica do instrumento, tanto man dereita como esquerda.
Tocar escalas nunha e dúas oitavas, estudos e pezas, combinando as diversas estruturas do semitón en todo o ámbito de primeira posición.
Desenvolver criterios de afinación e calidade de son acorde ao seu curso.
Continuar a aprendizaxe de diferentes golpes de arco.
Mostrar boa disposición na clase, así como para tocar en grupo e con acompañamento de piano.
Iniciar a aprendizaxe dos recursos para a improvisación e a lectura a 1ª vista.
Tocar en audicións públicas só e en conxunto, pezas de memoria, con bo control, afinación, son e ritmo.
Adquirir hábitos correctos de estudo valorando a importancia do traballo diario.

### CONTIDOS

- Posición do corpo, instrumento e do arco.
- Produción de son en cordas ao aire, pisadas e dobres cordas, prestando atención ao peso, velocidade e punto de contacto para conseguir a máxima calidade de son.
- Continuación do traballo con golpes de arco básicos: detaché, martellé, staccato e legato, con e sen cambios de corda, así como de diferentes patróns rítmicos e articulacións.
- Desenvolvemento do movemento perpendicular, horizontal e lateral dos dedos da man esquerda: escalas, exercicios en dobre corda, etc.
- Control permanente da afinación. Escoita interna.
- Relación entre escritura musical e a súa execución instrumental. Comprensión de estruturas formais como motivos, frases, etc., así como elementos básicos de dinámica e agóxica.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria con diferentes exercicios, estudos e obras de repertorio.

### CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

- Durante o curso o alumno deberá aprender polo menos: escalas, estudos e catro obras. Estas obras forman parte da bibliografía recomendada.
- Durante o curso realizarase polo menos unha audición en cada avaliación.
- A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.

Queda a criterio do profesor ou nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumno para superar o curso correspondente.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco: as súas partes e o seu mantemento.
Mellorar a posición adecuada do instrumento, que lle permita tocar con comodidade, seguridade e relaxación.

Empregar con solvencia as arcadas básicas do detaché en distintas seccións do arco e o legato.
Asimilar conceptos técnicos, tanto de brazo dereito: suxeición, condución e golpes de arco á corda; como de man esquerda: articulación.
Demostrar sensibilidade na afinación e na calidade do son.
Interpretar fragmentos, estudos ou pezas utilizando matices e dinámicas elementais, así como os elementos básicos do fraseo.
Memorizar parte do repertorio e interpretar pezas de memoria en público.
Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudo adquiridos.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

Avaliación Continua: valoración constante do progreso do alumno durante o curso, así como da súa actitude e asistencia a clases.
Avaliación Puntual: a través de AUDICIÓNS. Durante o curso, realizarase polo menos unha audición en cada avaliación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS MÍNIMOS

- Valórase a posición corporal na interpretación violinística. o O grao de afinación.
- A medida e ritmo constante en toda a execución musical.
- O reparto de arco: combinación de peso e velocidade dentro das obras presentadas.

METODOLOXÍA

O enfoque metodolóxico terá aspectos comúns para todos os cursos, tendo en conta a necesidade de aplicar uns principios de coherencia que veñen determinados nos fundamentos do aprendizaxe constructivista. O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, tendo en conta a significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista que marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

A participación das familias preséntase como un recurso metodolóxico de gran importancia. A súa asistencia á aula na clase de instrumento representa un recurso insubstituíble para a consecución dos obxectivos xa que permite a prolongación da actividade de ensino – aprendizaxe ás sesión de estudo individual nos fogares durante a semana. Neste mesmo sentido e incluído dentro dos aspectos vinculados á acción titorial, a información sobre a concienciación do traballo constante tanto ás familias como aos alumnos representa un recurso metodolóxico de gran trascendencia para a consecución dos obxectivos plantexados nos estudos musicais.

Así mesmo, tanto nos primeiros cursos como nos mais avanzados o traballo en colaboración alumno – profesor representa outro recurso metodolóxico trascendente xa que supón a posta en práctica do aprendizaxe vicario, especialmente nos aspectos vinculados cos contidos subxectivos do linguaxe da música, interpretación, dicción, expresión, interpretación, agóxica etc. Neste mesmo sentido a participación do alumnado dos cursos máis altos formando dúos cos de cursos iniciais, aporta un recurso de fomento do traballo cooperativo en contraposición co individual e xera elementos motivadores para o alumnado máis novo xa que toma como referencia o exemplo dos máis maiores. Por outra

banda, serve para dotar de utilidade os aprendizaxes dos maiores e dotarlles de referencias con respecto ao seu nivel na actualidade e os avances levados a cabo ao longo dos cursos, produto do seu esforzo.

A secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo á avaliación inicial, ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

Por último o traballo en coordinación con outros departamentos aporta a posibilidade de establecer criterios comúns no traballo conxunto, o que permitirá un mais acelerado proceso na consecucións dos obxectivos

RECURSOS DIDÁCTICOS/BIBLIOGRAFÍA TÉCNICA:
Alard 2º Curso
"O Violín" Teórico e práctico, caderno 1 M. Crickboom "A técnica do violín" Vol. 1 M. Crickboom
"Método de violín" Eta Cohen

ESTUDOS:
"50 estudos melódicos", op. 22 Curci "Estudos en 1ª posición" Op.32 nº 1 H. Sitt "60 Estudos" Op.45 Wolhfahrt
OBRAS:
"Chants et Morceaux", caderno 1 M. Crickboom "Eloadasi Darabok", I e II Lányi–Lenkei-Mezó
"Eloadasi Darabok", cad. 2, 3 Dénes-Lányai-Mezö-Skultéty "Dúos", vol. I B. Bartok
Suzuki Violin School, vol. II e III S. Suzuki
Concerto en Si m. Op.35 O. Rieding

PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO, SE É O CASO, PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.

Segundo o establecido no decreto 198/2007, para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar una proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.

O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais das persoas aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

En canto ó acceso a outros cursos terase que superar una proba na que se avaliarán, ademais das aptitudes e da idade idónea, a capacidade e os coñecementos dos alumnos e das alumnas para continuar os estudos nas especialidades instrumentais para as que se solicite a praza.

Neste sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista que a finalidade do grao elemental deberá ser a de, segundo o establecido no decreto 198/2007 polo que se establecen a ordenación do grao elemental, promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. Polo tanto a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non debera afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo. En todo caso, e segundo establece a disposición adicional quinta do decreto anteriormente citado no seu punto 2º, "a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto".

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos contidos, a orientación didáctica cara a cumplimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, blibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a dispoñibilidade de profesorado o permita, o respaldo das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescriptivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos mais altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

## ACTIVIDADES CULTURAIS E PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Como mínimo se establece un concerto trimestral do departamento, pudendo ampliarse aos que organice cada un dos membros do mesmo coa participación dos seus alumnos. Poderanse engadir alumnado doutras materias das impartidas polos membros do departamento ou doutros docentes. De igual xeito tamén se plantexa a participación dalgún alumno/a destacado que pida afrontar un concerto ou audición en solitario, así como a colaboración dos alumnos de cursos máis avanzados acompañando aos mais novos nos concertos.

## PROCEDEMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE, VALORE E REVISE O DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA SÚA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

O departamento encargarase de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos

programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvoltos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

PROCEDEMENTO PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Esta levarase a cabo en cada unha das reunións preceptivas, co intercambio de opinións os compoñentes do mesmo. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nos casos nos que o alumno matriculado nun curso posúa calidades para acadar con facilidade os obxectivos propostos, o profesor proporcionaralle material de traballo de maior dificultade á que lle corresponde.
Así mesmo, os alumnos con especiais dificultades para acadala consecución dos obxectivos propostos, e sempre a criterio do seu titor, poderán acollerse ós contidos mínimos esixibles así como ós criterios de avaliación referentes ós contidos mínimos e ós criterios de recuperación que se expoñen a continuación.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

No caso de perda da avaliación continua, ou nos casos nos que o profesor o crea conveniente, o alumno deberá interpretar en exame , un mínimo de tres pezas diferentes (entre as que se pode incluír algún estudo), con acompañamento de piano se así o requiren as obras.

TERCEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS

Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco. Afinación. Desenvolver a disposición corporal adecuada.
Desenvolver a técnica do instrumento, tanto do arco como da man esquerda. Tocar escalas, estudos e pezas, en primeira, segunda e terceira posición.

Iniciar a aprendizaxe dos cambios de posicións.
Iniciar a aprendizaxe do vibrato.
Desenvolver criterios de afinación e calidade de son acorde ao seu curso.
Continuar a aprendizaxe de diferentes golpes de arco.
Continuar a aprendizaxe dos recursos para a improvisación e a lectura a 1ª vista.
Mostrar boa disposición na clase, así como para tocar en grupo e con acompañamento de piano.
Tocar en audicións públicas só e en conxunto, pezas de memoria, con bo control, afinación, son e ritmo. A respiración.
Adquirir hábitos correctos de estudo valorando a importancia do traballo diario.

## CONTIDOS

- Posición do corpo, instrumento e do arco.
- Exercicios e estudos para a aprendizaxe dos cambios de posicións.
- Escalas, estudos e pezas en 1ª, 2ª e 3ª posicións fixas e con cambios de posicións ás mesmas.
- O vibrato: exercicios básicos para a súa aprendizaxe e desenvolvemento.
- Produción e calidade do son: o peso, velocidade e punto de contacto. Traballo sobre a amplitude, flexibilidade e a nitidez do son.
- Continuación do traballo con golpes de arco básicos: detaché, martellé, staccato e legato, con e sen cambios de corda, así como de diferentes patróns rítmicos e articulacións.
- Desenvolvemento do movemento perpendicular, horizontal e lateral dos dedos da man esquerda: escalas, exercicios en dobre corda, etc.
- Control permanente da afinación. Escoita interna.
- Comprensión de estruturas formais como motivos, frases, etc., así como elementos básicos de dinámica e agóxica.
- A respiración: sentido e aplicación para un bo fraseo.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria con diferentes exercicios, estudos e obras de repertorio.

## CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Durante o curso o alumno deberá aprender polo menos: escalas, estudos e catro obras: pezas, movementos de Concertos, Concertinos, Temas con Variacións, Sonatinas, Sonatas, etc. Estas obras forman parte da bibliografía recomendada.
Durante o curso realizarase polo menos unha audición en cada avaliación.
A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.
Queda a criterio do profesor ou nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumno para superar o curso correspondente.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco: partes, historia e mantemento. Saber afinalo.
Ter unha posición adecuada que lle permita tocar con comodidade, seguridade e relaxación.
Posuír unha técnica de man dereita e esquerda adecuada ao seu curso.
Empregar con solvencia as arcadas básicas do detaché en distintas seccións do arco, o legato e o martellé.
Tocar en 1ª, 2ª e 3ª posición, tanto en posicións fixas como usando cambios de posición. Desenvolvemento do vibrato.
Demostrar sensibilidade na afinación e na calidade do son. Interpretar fragmentos, estudos ou pezas utilizando matices e dinámicas elementais, así como os elementos básicos do fraseo. Memorizar a práctica totalidade do repertorio e interpretar pezas de memoria en público. Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudo adquiridos.

## PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

Avaliación Continua: valoración constante do progreso do alumno durante o curso, así como da súa actitude e asistencia a clases.
Avaliación Puntual: a través de AUDICIÓNS. Durante o curso, realizarase polo menos unha audición en cada avaliación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS MÍNIMOS

Valórase a posición corporal na interpretación violinística. O grao de afinación.
A medida e ritmo constante en toda a execución musical.
O reparto de arco: combinación de peso e velocidade dentro das obras presentadas.

METODOLOXÍA

O enfoque metodolóxico terá aspectos comúns para todos os cursos, tendo en conta a necesidade de aplicar uns principios de coherencia que veñen determinados nos fundamentos do aprendizaxe constructivista. O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, tendo en conta a significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista que marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

A participación das familias preséntase como un recurso metodolóxico de gran importancia. A súa asistencia á aula na clase de instrumento representa un recurso insubstituíble para a consecución dos obxectivos xa que permite a prolongación da actividade de ensino – aprendizaxe ás sesión de estudo individual nos fogares durante a semana. Neste mesmo sentido e incluído dentro dos aspectos vinculados á acción titorial, a información sobre a concienciación do traballo constante tanto ás familias como aos alumnos representa un recurso metodolóxico de gran trascendencia para a consecución dos obxectivos plantexados nos estudos musicais.

Así mesmo, tanto nos primeiros cursos como nos mais avanzados o traballo en colaboración alumno – profesor representa outro recurso metodolóxico trascendente xa que supón a posta en práctica do aprendizaxe vicario, especialmente nos aspectos vinculados cos contidos subxectivos do linguaxe da música, interpretación, dicción, expresión, interpretación, agóxica etc. Neste mesmo sentido a participación do alumnado dos cursos máis altos formando dúos cos de cursos iniciais, aporta un recurso de fomento do traballo cooperativo en contraposición co individual e xera elementos motivadores para o alumnado máis novo xa que toma como referencia o exemplo dos máis maiores. Por outra banda, serve para dotar de utilidade os aprendizaxes dos maiores e dotarlles de referencias con respecto ao seu nivel na actualidade e os avances levados a cabo ao longo dos cursos, produto do seu esforzo.

Queda a criterio do profesor ou nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumno para superar o curso correspondente.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos propios do seu curso.
Mostrar un grado de asimilación de conceptos técnicos, tanto de brazo dereito: suxeición, condución, golpes de arco á corda e desenvolvemento dos saltados, acordes, etc.; da man esquerda: articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas, etc.; así como a coordinación de ambos brazos.
Tocar escalas en tres oitavas, arpexos e dobres cordas das mesmas.
Saber empregar o vibrato con variedade e bo gusto en estudos e obras.
Demostrar sensibilidade na afinación e na calidade do son.
Interpretar un repertorio que inclúa estudos e obras para solista ou con acompañamento de piano, empregando a técnica e os criterios estéticos adquiridos.
Memorizar a práctica totalidade do repertorio, e interpretar pezas de memoria en público. Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudo adquiridos. Tocar exercicios de lectura a vista conforme aos niveis propios ao curso.

## PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

Avaliación Continua: valoración constante do progreso do alumno durante o curso, así como da súa actitude e asistencia a clases.
Avaliación Puntual: a través de AUDICIÓNS. Durante o curso, realizarase polo menos unha audición en cada avaliación.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS MÍNIMOS

Avalíase a musicalidade, a destreza técnica para a interpretación violinística combinada coa sensibilidade e bo gusto para a execución.
Calidade de vibrato.
Dirección da música e interpretación de matices: forte, piano, etc.
Execución das obras de memoria.
Posta en escena: control interior do estado nervioso.

## METODOLOXÍA

O enfoque metodolóxico terá aspectos comúns para todos os cursos, tendo en conta a necesidade de aplicar uns principios de coherencia que veñen determinados nos fundamentos do aprendizaxe constructivista. O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, tendo en conta a significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista que marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

A participación das familias preséntase como un recurso metodolóxico de gran importancia. A súa asistencia á aula na clase de instrumento representa un recurso insubstituíble para a consecución dos obxectivos xa que permite a prolongación da actividade de ensino – aprendizaxe ás sesión de estudo individual nos fogares durante a semana. Neste mesmo sentido e incluído dentro dos aspectos vinculados á acción titorial, a información sobre a concienciación do traballo constante tanto ás familias como aos alumnos representa un recurso

metodolóxico de gran trascendencia para a consecución dos obxectivos plantexados nos estudos musicais.

Así mesmo, tanto nos primeiros cursos como nos mais avanzados o traballo en colaboración alumno – profesor representa outro recurso metodolóxico trascendente xa que supón a posta en práctica do aprendizaxe vicario, especialmente nos aspectos vinculados cos contidos subxectivos do linguaxe da música, interpretación, dicción, expresión, interpretación, agóxica etc. Neste mesmo sentido a participación do alumnado dos cursos máis altos formando dúos cos de cursos iniciais, aporta un recurso de fomento do traballo cooperativo en contraposición co individual e xera elementos motivadores para o alumnado máis novo xa que toma como referencia o exemplo dos máis maiores. Por outra banda, serve para dotar de utilidade os aprendizaxes dos maiores e dotarlles de referencias con respecto ao seu nivel na actualidade e os avances levados a cabo ao longo dos cursos, produto do seu esforzo.

A secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo á avaliación inicial, ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

Por último o traballo en coordinación con outros departamentos aporta a posibilidade de establecer criterios comúns no traballo conxunto, o que permitirá un mais acelerado proceso na consecucións dos obxectivos

## RECURSOS DIDÁCTICOS/BIBLIOGRAFÍA

TÉCNICA:
Sistema de Escalas Grigorian Sistema de
Escalas C. Flesch
Cambios de posicións. Op. 8 O. Sévcik Mecanismo
do arco, op. 2 O. Sévcik
Escola Técnica da man esquerda Schradieck
ESTUDOS:
Estudos brillantes Mazas 36
Estudos Fiorillo
42 Estudos Kreutzer 24
Caprichos P. Rode
24 Estudos, Op. 35 Dont

OBRAS BARROCAS:
12 Fantasías (pref. Nº 1 a nº 6) Telemann
Concertos para violín J. S. Bach
Sonatas e partitas para violín só J. S. Bach
Sonatas para violín e continuo de autores como Vivaldi, Tartini,
Nardini, Leclair, Telemann,…
OBRAS CLÁSICAS:
Sonatas para violín e piano W. A. Mozart Romanzas en
Fa M. e Sol M. L. V. Beethoven Concertos para violín F.
J. Haydn
OBRAS ROMÁNTICAS:
Sonatinas, Op. 137 F. Schubert Lenda
Wieniawski

Concertos de autores como Viotti, Rode, Kreutzer, Spohr, Beriot, etc.
OBRAS ESPAÑOLAS:
Tango Albéniz-Kreisler
Suite popular española M. de Falla Danza de
"La vida breve" M. de Falla Sonata E.
Granados
Malagueña, Introducción y Tarantela,… P. Sarasate
Obras varias Quiroga

## PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO, SE É O CASO, PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.

Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non pode afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo, polo que as medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes nestes casos serán medidas de reforzo e apoio educativo.

Neste mesmo sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista o establecido no decreto en referencia a que a finalidade do Grao Profesional deberá ser a de proporcionarlle ao alumnado una formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Polo tanto a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas está suxeita ás limitacións impostas por estas finalidades.

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos contidos, a orientación didáctica cara a cumplimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, blibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a dispoñibilidade de profesorado o permita, o apoio das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo e apoio educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescriptivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos mais altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

## ACTIVIDADES CULTURAIS E PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Como mínimo se establece un concerto trimestral do departamento, pudendo ampliarse aos que organice cada un dos membros do mesmo coa participación dos seus alumnos. Poderanse engadir alumnado doutras materias das impartidas polos membros do departamento ou doutros docentes. De igual xeito tamén se plantexa a participación dalgún alumno/a destacado que pida afrontar un

concerto ou audición en solitario, así como a colaboración dos alumnos de cursos máis avanzados acompañando aos mais novos nos concertos.

## PROCEDEMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE, VALORE E REVISE O DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA SÚA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

O departamento encargarase de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvoltos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

## PROCEDEMENTO PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Esta levarase a cabo en cada unha das reunións preceptivas, co intercambio de opinións os compoñentes do mesmo. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nos casos nos que o alumno matriculado nun curso posúa calidades para acadar con facilidade os obxectivos propostos, o profesor proporcionaralle material de traballo de maior dificultade á que lle corresponde.
Así mesmo, os alumnos con especiais dificultades para acadala consecución dos obxectivos propostos, e sempre a criterio do seu titor, poderán acollerse ós contidos mínimos esixibles así como ós criterios de avaliación referentes ós contidos mínimos e ós criterios de recuperación que se expoñen a continuación.

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

No caso de perda da avaliación continua, ou nos casos nos que o profesor o crea conveniente, o alumno deberá interpretar en exame como avaliación alternativa de cada trimestre ou do curso total
Cada trimestre un mínimo de:
a. Dúas obras diferentes (pode incluír algún estudo), con acompañamento de piano no caso de que así o requiran.
b. Un exercicio de lectura a primeira vista.
c. Curso completo:
a. Tres obras completas diferentes (poden incluír un estudo), con acompañamento de piano no caso de que así o requiran.

b. Un exercicio de lectura a primeira vista.

Para a realización adecuada destas probas ou audicións, as obras deben posuír o nivel apropiado ao curso en cuestión, e reflectir no seu contido aspectos importantes e diversos dos obxectivos que se perseguen en devandito curso. Estas obras deben ser interpretadas con solvencia musical.

## SEXTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

### OBXECTIVOS

Profundizar no desenvolvemento técnico - artístico do instrumento.
Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar a calidade sonora.
Interpretar un repertorio solista e de conxunto que inclúa obras de diferentes épocas e estilos, incluíndo repertorio contemporáneo.
Aplicar progresivamente os coñecementos harmónicos, formais e históricos, en aras dunha interpretación artística de calidade.
Manter hábitos de estudo que desenvolvan as capacidades técnico - artísticas, e mostrar autonomía da resolución de problemas técnicos e musicais.
Adquirir o autocontrol necesario a través da experiencia de actuar en público como solista e en conxunto, fomentando a memorización do repertorio.
Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista e a improvisación.
Formar unha cultura musical e establecer conceptos estéticos que permitan desenvolver e fundamentar os propios criterios interpretativos adquirindo o hábito de escoitar música.

### CONTIDOS

- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta tanto o peso, velocidade e punto de contacto, así como con diferentes tipos e velocidade de vibrato, vinculado todo iso ao desenvolvemento dun fraseo expresivo.
- Escalas e arpexos en posición fixa, sobre unha corda, en tres oitavas, cromáticas, etc.
- Escalas en dobres cordas: 3ª, 4ª, 5ª, 6ª e 8ª.
- Continuar o traballo dos acordes de tres e catro notas.
- Exercicios e estudos con harmónicos naturais e artificiais.
- Aplicación de diferentes patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco tanto á corda como saltados.
- Traballo sobre o fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica.
- Continuación do adestramento da memoria e lectura a primeira vista.
- Audicións comparadas de obras de todas as épocas, de diferentes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das diferentes versións.

### CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Durante o curso o alumno deberá aprender polo menos: escalas en tres oitavas cos seus respectivos arpexos e con distintos patróns rítmicos e ligaduras; estudos que traballen diferentes aspectos e entre catro e seis obras: pezas, movementos de Concertos, Concertinos, Temas con Variacións, Sonatinas, Sonatas, etc.

Enténdese por obra, cada un dos movementos de concerto. Polo menos débese incluír un 1º ou un 2º-3º mov. dun concerto. Estas obras forman parte da bibliografía recomendada.
Durante o curso realizarase polo menos unha audición en cada avaliación.
A non realización dos contidos elementais a través da metodoloxía aplicada polo profesor, será motivo da non superación do curso.

Queda a criterio do profesor ou nivel técnico, musical e interpretativo que debe acadar cada alumno para superar o curso correspondente.
"Neste curso deberanse escoller coidadosamente estudos e obras que puidesen ser parte do programa a presentar polo alumno á proba de acceso a Grado Superior".

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos propios do seu curso.
Mostrar un grado de asimilación de conceptos técnicos, tanto de brazo dereito: suxeición, condución, golpes de arco á corda e desenvolvemento dos saltados, acordes, etc.; da man esquerda: articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas, etc.; así como a coordinación de ambos brazos.
Tocar escalas en tres oitavas, arpexos e dobres cordas das mesmas. Saber empregar o vibrato con variedade e bo gusto en estudos e obras. Demostrar sensibilidade na afinación e na calidade do son.
Interpretar un repertorio que inclúa estudos e obras para solista ou con acompañamento de piano, empregando a técnica e os criterios estéticos adquiridos.
Memorizar a práctica totalidade do repertorio, e interpretar pezas de memoria en público. Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudo adquiridos.
Tocar exercicios de lectura a vista conforme aos niveis propios ao curso.

## PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

Avaliación Continua: valoración constante do progreso do alumno durante o curso, así como da súa actitude e asistencia a clases.
Avaliación Puntual: a través de AUDICIÓNS. Durante o curso, realizarase polo menos unha audición en cada avaliación.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS MÍNIMOS

Avalíase a musicalidade, a destreza técnica para a interpretación violinística combinada coa sensibilidade e bo gusto para a execución.
Calidade de vibrato.
Dirección da música e interpretación de matices: forte, piano, etc. o Execución das obras de memoria.
Posta en escena: control interior do estado nervioso.

## METODOLOXÍA :

O enfoque metodolóxico terá aspectos comúns para todos os cursos, tendo en conta a necesidade de aplicar uns principios de coherencia que veñen determinados nos fundamentos do aprendizaxe constructivista. O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, tendo en conta a significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista que marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

A participación das familias preséntase como un recurso metodolóxico de gran importancia. A súa asistencia á aula na clase de instrumento representa un recurso insubstituíble para a consecución

dos obxectivos xa que permite a prolongación da actividade de ensino – aprendizaxe ás sesión de estudo individual nos fogares durante a semana. Neste mesmo sentido e incluído dentro dos aspectos vinculados á acción titorial, a información sobre a concienciación do traballo constante tanto ás familias como aos alumnos representa un recurso metodolóxico de gran trascendencia para a consecución dos obxectivos plantexados nos estudos musicais.

Así mesmo, tanto nos primeiros cursos como nos mais avanzados o traballo en colaboración alumno – profesor representa outro recurso metodolóxico trascendente xa que supón a posta en práctica do aprendizaxe vicario, especialmente nos aspectos vinculados cos contidos subxectivos do linguaxe da música, interpretación, dicción, expresión, interpretación, agóxica etc. Neste mesmo sentido a participación do alumnado dos cursos máis altos formando dúos cos de cursos iniciais, aporta un recurso de fomento do traballo cooperativo en contraposición co individual e xera elementos motivadores para o alumnado máis novo xa que toma como referencia o exemplo dos máis maiores. Por outra banda, serve para dotar de utilidade os aprendizaxes dos maiores e dotarlles de referencias con respecto ao seu nivel na actualidade e os avances levados a cabo ao longo dos cursos, produto do seu esforzo.

A secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo á avaliación inicial, ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

Por último o traballo en coordinación con outros departamentos aporta a posibilidade de establecer criterios comúns no traballo conxunto, o que permitirá un mais acelerado proceso na consecucións dos obxectivos

## RECURSOS DIDÁCTICOS/BIBLIOGRAFÍA

TÉCNICA:
Sistema de Escalas Grigorian Sistema de
Escalas C. Flesch
Cambios de posicións. Op. 8 O. Sévcik Mecanismo do
arco, op. 2 O. Sévcik
Escola Técnica da man esquerda Schradieck ESTUDOS:
24 Estudos (Matinées) Gavinies 42
Estudos Kreutzer
24 Caprichos P. Rode 24
Estudos, Op. 35 Dont

CONCERTOS:
Concerto en Do M. F. J. Haydn
Concertos para violín, nº1 a nº 5 W. A. Mozart
Concertos de autores como Viotti, Rode, Kreutzer, Spohr,

Beriot, etc.
SONATAS:
Sonatas para violín e piano (nº 1 a nº 10) L. V. Beethoven
Sonatinas, Op. 137 F. Schubert
Sonata E. Granados
VIOLÍN SÓ:
12 Fantasías (Nº 1 a nº 6) Telemann
Sonatas e partitas para violín só J. S.
Bach Sonata Op. 115 Prokofiev
PEZAS:
Romanzas en Fa M. e Sol M. L. V. Beethoven
Chacona Vitali
Suite popular española M. de Falla
Danza de "La vida breve" M. de Falla
Pezas varias de Wieniawski, Vieuxtemps, Ysaye, etc.
Pezas varias (Malagueña, Romanza Andaluza, Introdución e Tarantela, …) de Pablo de Sarasate
Pezas varias de Quiroga

PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO, SE É O CASO, PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.

Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non pode afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo, polo que as medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes nestes casos serán medidas de reforzo e apoio educativo.

Neste mesmo sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista o establecido no decreto en referencia a que a finalidade do Grao Profesional deberá ser a de proporcionarlle ao alumnado una formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Polo tanto a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas está suxeita ás limitacións impostas por estas finalidades.

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos contidos, a orientación didáctica cara a cumplimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, blibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a dispoñibilidade de profesorado o permita, o apoio das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo e apoio educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescriptivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos mais altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

## ACTIVIDADES CULTURAIS E PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Como mínimo se establece un concerto trimestral do departamento, pudendo ampliarse aos que organice cada un dos membros do mesmo coa participación dos seus alumnos. Poderanse engadir alumnado doutras materias das impartidas polos membros do departamento ou doutros docentes. De igual xeito tamén se plantexa a participación dalgún alumno/a destacado que pida afrontar un concerto ou audición en solitario, así como a colaboración dos alumnos de cursos máis avanzados acompañando aos mais novos nos concertos.

## PROCEDEMENTOS PARA QUE O DEPARTAMENTO COORDINE, VALORE E REVISE O DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA SÚA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

O departamento encargarase de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvoltos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

## PROCEDEMENTO PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Esta levarase a cabo en cada unha das reunións preceptivas, co intercambio de opinións os compoñentes do mesmo. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nos casos nos que o alumno matriculado nun curso posúa calidades para acadar con facilidade os obxectivos propostos, o profesor proporcionaralle material de traballo de maior dificultade á que lle corresponde.
Así mesmo, os alumnos con especiais dificultades para acadala consecución dos obxectivos propostos, e sempre a criterio do seu titor, poderán acollerse ós contidos mínimos esixibles así como ós criterios de avaliación referentes ós contidos mínimos e ós criterios de recuperación que se expoñen a continuación.

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

No caso de perda da avaliación continua, ou nos casos nos que o profesor o crea conveniente, o alumno deberá interpretar en exame como avaliación alternativa de cada trimestre ou do curso total:
Cada trimestre un mínimo de:

a. Dúas obras diferentes (pode incluír algún estudo), con acompañamento de piano no caso de que así o requiran.
b. Un exercicio de lectura a primeira vista.
Curso completo:
a. Tres obras completas diferentes (poden incluír un estudo),con acompañamento de piano no caso de que así o requiran.
b. Un exercicio de lectura a primeira vista.

Para a realización adecuada destas probas ou audicións, as obras deben posuír o nivel apropiado ao curso en cuestión, e reflectir no seu contido aspectos importantes e diversos dos obxectivos que se perseguen en devandito curso. Estas obras deben ser interpretadas con solvencia musical.

## ACTIVIDADES

1.- Os alumnos que rematen 6º curso de Grao Profesional, realizarán de modo obrigatorio unha audición de duración non inferior a 30 min. na que interpretarán o repertorio traballado durante o curso (enténdese con acompañamento de piano).
2.- Os profesores, sempre que sexa posible, acompañarán aos alumnos a concertos, charlas, etc., que teñan lugar no propio centro ou noutras salas da cidade, que sexan de interese para os alumnos.
3.- Recoméndase a realización dalgún cursiño ou clase maxistral a cargo de profesores invitados de recoñecido prestixio, a criterio dos profesores do departamento.
Para os mesmos sería desexable o patrocinio de entidades colaboradoras, que favorezan a masiva asistencia dos alumnos aos mesmos.
Estes cursos tamén estarían abertos a antigos alumnos do centro, así como a alumnos de outros centros.

PROBAS DE ACCESO A GRAO ELEMENTAL. L..O. E.

DISPOSICIÓN XERAIS.

- Nas probas de acceso a Grao Elemental de Violín, o tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras ou estudos cun nivel menor ao esixido (para evitar calquera malentendido consúltese calquera dúbida ou problema con c alquera dos profesores de violín deste Conservatorio).

- Así mesmo queda a discreción do tribunal a audición total ou parcial dos estudos ou obras que se presenten, ou á indicación de posibles tempos ou suxerencias por parte dos membros do Tribunal.

- O alumno, interpretará obligatoriamente cada un dos apartados esixidos, sendo a súa elección a obra ou o estudo onde así se determine.

PROBAS DE ACCESO A GRAO ELEMENTAL L.O.E.

Os apartados A, B e C onde os haxa, son de obrigado cumprimento, a eleccion (onde a houbese) farase dentro de cada apartado.

SEGUNDO CURSO DE GRAO ELEMENTAL.

O alumno interpretará :

A/ - Twinkle, Twinkle, Little Star ( As 4 variacións e o tema ) DE MEMORIA.
B/ - Unha canción do nº 8 en adiante ( a libre elección ) do Suzuki Violín School, Vol. 1.

TERCER CURSO DE GRADO ELEMENTAL.

O alumno interpretará :

A/ - Escala en Do M ( en 1ª posición con extensión ao Do, co cuarto dedo ) a redondas con todo o arco, dúas negras ligadas por arco e catro corcheas ligadas por arco. ( DE MEMORIA )

B/ - Unha canción ( a libre elección ) do Suzuki Violín School, Vol. 2., ou o primeiro movemento de algún concertino (nivel de Rieding en Si m)

C/ - Un estudo, a elixir entre Alard , Kayser o Wolfhart dos numerados na programación de segundo curso de Grao Elemental deste Conservatorio, ou outro de nivel similar.

CUARTO CURSO DE GRAO ELEMENTAL.

O alumno interpretará :

A/ - Escala en Re M ( en 3ª posición ) a redondas con todo o arco, dúas negras ligadas, e 4 corcheas ligadas con todo o arco. ( DE MEMORIA )

B/ - Unha canción, a elexir das catro últimas, do Suzuki Violín School, Vol. 3. ou 2 movementos de algún concertino tipo Rieding en Si m o Seitz.

C/ - Un estudo a elixir entre Alard, Wolfhart, ou Kayser dos numerados na programación de terceiro curso de Grao Elemental deste Conservatorio, ou otro de nivel similar.

## PROBAS DE ACCESO A GRAO PROFESIONAL L.O.E.

DISPOSICIÓNS XERAIS.

- É obrigado o acompañamento de piano en todas as obras que asi o precisen.

- Nas probas de acceso a Grao Profesional de Violín, o tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras cun un nivel menor ao esixido, (para evitar calquera malentendido consúltese calquera dúbida ou problema co profesor de violín deste conservatorio).

- Así mesmo, queda a discrecceión do tribunal a audición total ou parcial das obras ou estudos que se presenten, ou á indicación de posibles tempos ou suxerencias por parte dos membros do tribunal

- O alumno, interpretará obrigatoriamente cada un dos catro apartados esixidos, sendo á súa elección a obra ou estudo onde así se determine.

## PROBAS DE ACCESO A GRAO PROFESIONAL L.O.E.

PRIMEIRO DE GRAO PROFESIONAL - violín

O alumno interpretará obrigatoriamente os tres apartados, podendo elixir a obra ou o estudo onde así se determine.

A/ - Un estudo de Wohlfart a partir do estudio 32, Kayser, Alard, Crikboom, ou un estudo de dobres cordas a elelixir entre E. Polo, Josephine Trott, Sevcik, Crikboom, etc.

B/ - Allegro de Fiocco ou outros de nivel similar ou superior.

C/ - Dous movementos ( un rápido e outro lento ) dunha sonata o concierto de Vivaldi ( La m ), Seitz nª 2 en Sol, Tellemann en Sol M, Haendel Fa M ou outros de nivel similar ou superior.

---

A *Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das*

*ensinanzas profesionais de réxime especial de música* sinala no seu *Artigo 9º : os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante de matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do aspirante á praza.*

O Conservatorio Profesional de Música de Culleredo no presente curso escolar proporcionará a todos os aspirantes que así o soliciten, un pianista acompañante para a súa proba de acceso ó 1º curso de grao profesional. Para poder desfrutar deste servizo, o aspirante deberá acollerse ó repertorio sinalado na programación como " Repertorio acompañado polo pianista acompañante do centro".

Os aspirantes deberán indicar no momento de formalizar a matrícula a solicitude de ser acompañados, así como indicar o repertorio que se interpretará e entregar unha copia de cada unha das obras coa parte do acompañamento pianístico.

Os aspirantes terán dereito a dous ensaios co seu pianista. A coordinación dos horarios de ensaio será levada a cabo polo pianista acompañante có aspirante. A duración máxima deste ensaio será de vinte minutos.

Repertorio acompañado polo pianista acompañante do centro:
- Concertino in ungarischer Weise Op. 25, de O. Rieding.
-Allegro, de J. H. Fiocco.
-Pupil's Concerto nº 2 Op. 13, de Friedrich Seitz
-Concerto para violin e orquestra en La menor, de Vivaldi.
-Concerto para violin e orquestra en Sol Mayor, de Telemann

SEGUNDO DE GRAO PROFESIONAL

O alumno interpretará obrigatoriamente os catro apartados, podendo elixir a obra ou ou o estudo onde así se determine.

A/ -Escala e arpegios, de memoria ( mínimo catro ) en tres oitavas. Na escala empezando a redondas e chegando ata 21 notas ligadas , e os arpegios tres notas ligadas chegando ata 9 ligadas nun arco.

B/ - Un estudo de Kreutzer ( o 2 ou o 7 ) o Fiorillo ( o nº 1) ou outro de nivel similar.

C/ - Un estudo de dobres cordas de libre elección, dos autores sinalados na programación.

D/ - Dous movementos (un rápido e outro lento) dunha sonata ou concerto dos sinalados na programación de primeiro.

TERCEIRO CURSO DE GRAO PROFESIONAL - violín

O alumno interpretará obrigatoriamente os catro apartados, podendo elixir a obra ou o estudo onde así se determine.

A/ - Escala e arpegios (tomar modelo de “ o sistema das escalas de Flesch ) en tres oitavas, na escala empezando a redondas e chegando ata 21 notas ligadas e nos arpegios empezando 3 notas ligadas chegando ata 9.

B/ - Un estudo de Kreutzer ( 8 ou 10 ) o Fiorillo ( 9 ou 12 ) ou outros de nivel similar.

C/ - Dous movementos ( un rápido e outro lento ) dunha Sonata ou unha Sonatina das sinaladas na programación de segundo.

D/ - Un concerto dos sinalados na programación de segundo ou outro de nivel similar.

CUARTO DE GRAO PROFESIONAL

O alumno interpretará obrigatoriamente os catro apartados, podendo elixir a obra ou o estudo onde así se determine.

A/ - Unha escala e arpegios en tres octavas.( o modelo é o mesmo que en terceiro)

B/ Un estudo a elixir entre Fiorillo ( 9, 10 ou 11), Kreutzer ( 6, 8 ou 26 ) Dont (2 ou 3) ou outro de nivel similar.

C/ - Unha fantasía de Telemann, ou dous movementos das Sonatinas de Schubert, Dvorak, etc. ou outras obras de nivel similar.

D/ - Un concerto dos sinalados na programación de terceiro, ou otro de nivel similar.

QUINTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL - violín

O alumno interpretará obrigatoriamente os catro apartados, podendo elixir a obra ou o estudo onde así se determine.

A/ - Unha escala e arpegios en tres octavas.(mesmo modelo que no terceiro e cuarto).

B/ - Un estudo de Kreutzer, Fiorillo, Dont, Rode etc. ( de dobres cordas o que aborden unha dificultade técnica propia do curso, como trinos, golpes de arco complexos, posicións altas, etc. ) ou outros de nivel similar.

C/ - Unha fantasía de Telemann ou dous movementos ( un rápido e outro lento ) dunha partita de

Bach.

D/ - Un concerto dos sinalados na programación de cuarto, ou otro de nivel similar.

SEXTO DE GRAO PROFESIONAL- violín

O alumno interpretará obrigatoriamente os catro apartados , podendo elixir a obra ou o estudo onde así se determine.

A/ - Unha escala e arpegios en tres octavas.

B/ - Un estudo de Kreutzer, Fiorillo, Rode, Dont, etc. ( de dobres cuordas ou que aborden unha dificultade técnica propia do curso, golpes de arco complexos, trinos ou posicións altas, etc. ) ou outros de nivel similar.

C/ - Unha fantasía de Telemann ou dous movementos (un rápido e outro lento) dunha partita para violín só de Bach, ou dunha sonata de estilo clásico ( Haydn, Mozart, etc. ).

D/ - Un concerto dos sinalados na programación de quinto, ou outro de nivel similar.